



| | | |
|--|---------------------------|----------------------------------|
| Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria | | |
| Documento CON12I1OF | Expediente CON/23/2018 | Data Creación: 25-09-18 08:58 |

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución (Pistas de skate).

TIPO DE LICITACIÓN: 288.346,29 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 25 de setembro de 2018, ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal

Vogais: Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D. Xan Duro, en representación do grupo CA, Dna. María Corral en representación do grupo PP, D. Gonzalo Muiños en representación do grupo PSOE e D. Rubén Cela en representación do grupo BNG, en calidade de observadores (acordo XGL 15/05/2018).

OFERTAS PRESENTADAS:

| ORDE | DATA DE PRESENTACIÓN | NÚMERO DE REXISTRO | NOME DO LICITADOR |
|------|----------------------|--------------------|---|
| 1 | 17/09/2018 | 41.124 | B36746584 XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL |
| 2 | 17/09/2018 | 41.181 | B15608193 OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL |
| 3 | 17/09/2018 | 41.230 | B32197105 DESMACO S.L. |
| 4 | 18/09/2018 | 41.305 (*) | B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. |
| 5 | 18/09/2018 | 41.309 (*) | B15840861 BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L. |
| 6 | 18/09/2018 | 41.311 (*) | A32032039 PROYECON GALICIA SA |
| 7 | 18/09/2018 | 41.312 (*) | B15016207 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SL UNIPERSONAL |
| 8 | 18/09/2018 | 41.313 (*) | B15547979 JARDINERIA ARCE S.L. |
| 9 | 18/09/2018 | 41.325 (*) | B70372032 SERGONSA SERVICIOS SL |
| 10 | 18/09/2018 | 41.326 (*) | B32241432 PRADO LAMEIRO S.L. |
| 11 | 18/09/2018 | 41.330 (*) | B32021487 OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL |
| 12 | 19/09/2018 | 41.604 (*) | B15448004 IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL |
| 13 | 20/09/2018 | 41.736 (*) | A58401282 ROIG I FILLS ASSOCIATS, SA - SPOKO RAMPS |

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

| | | |
|------------------------|---------------------------|----------------------------------|
| Documento CON12I10F | Expediente CON/23/2018 | Data Creación: 25-09-18 08:58 |
|------------------------|---------------------------|----------------------------------|

| Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO (euros IVE excluído) | Prazo garantía | Control calidade | Control ambiental | Plan de comunicación |
|------------|---|-------------------------------------|----------------|------------------|-------------------|----------------------|
| 1 | XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL | 207.320,98 | 5 | 2% | 2% | SÍ |
| 2 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL | 230.925,62 | 4 | 2% | 2% | SÍ |
| 3 | DESMACO S.L. | 253.571,73 | 1 | 1% | 1% | SÍ |
| 4 | ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. | 222.026,64 | 5 | 2% | 2% | SÍ |
| 5 | BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L. | 249.131,19 | 5 | 2% | 2% | SÍ |
| 6 | PROYECON GALICIA SA | 219.159,18 | 5 | 2% | 2% | SÍ |
| 7 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SL UNIPERSONAL | 262.600,00 | 5 | 2% | 2% | SÍ |
| 8 | JARDINERIA ARCE S.L. | 239.327,42 | 5 | 2% | 2% | SÍ |
| 9 | SERGONSA SERVICIOS SL | 227.313,00 | 5 | 2% | 2% | SÍ |
| 10 | PRADO LAMEIRO S.L. | 317.324,00 | 5 | 2% | 2% | SÍ (6%) |
| 11 | OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL | 254.725,00 | 5 | 2% | 2% | SÍ (6%) |
| 12 | IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL | 229.638,98 | 5 | 2% | 2% | SÍ |
| 13 | ROIG I FILLS ASSOCIATS, SA - SPOKO RAMPS | 242.200,00 | 5 | 2% | 2% | SÍ |


En consecuencia, a mesa acorda excluir da licitación á empresa PRADO LAMEIRO SL por exceder a súa oferta do tipo máximo de licitación fixado.

A continuación, verifícase a presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que as empresas JARDINERIA ARCE SL, IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL e ROIG I FILLS ASSOCIATS SA, aportan unicamente a declaración complementaria, polo que se acorda concederlles un prazo de tres días para a subsanación desta deficiencia.


Finalmente, rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios. De atoparse algunha das ofertas en situación de baixa anormal ou desproporcionada daráselle ós licitadores afectados o preceptivo trámite de audiencia, emitíndose o subseguinte informe de valoración da documentación xustificativa aportada para a súa presentación a esta mesa de ser o caso.

Ás 9.50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



| | | |
|--|---------------------------|----------------------------------|
| Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria | | |
| Documento CON12I10F | Expediente CON/23/2018 | Data Creación: 25-09-18 08:58 |

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución (Pistas de skate).

TIPO DE LICITACIÓN: 288.346,29 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 25 de outubro de 2018, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal

Vogais: Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

En cumprimento do acordado na anterior reunión desta mesa, deuse audiencia á empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, xa que a súa oferta atopábase en situación de "valores anormais ou desproporcionados". Preséntase agora o informe realizado polo arquitecto municipal de avaliación da documentación xustificativa aportada, na que se propón a súa desestimación por falta da documentación necesaria.

Da análise do informe de valoración das ofertas finalmente admitidas despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL, polo que esta mesa de contratación, **ACORDA:**


PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa PRADO LAMEIRO SL (317.324 euros) por exceder do tipo máximo de licitación fixado (288.346,29 euros).

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

TERCEIRO: Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, aos efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ao licitador OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 254.725 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ao aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



| | | |
|--|---------------------------|----------------------------------|
| Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria | | |
| Documento CON12I10F | Expediente CON/23/2018 | Data Creación: 25-09-18 08:58 |

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución (Pistas de skate).

TIPO DE LICITACIÓN: 288.346,29 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 13 de novembro de 2018, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Proxectos e Obras.
D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión.

Ás 9:10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

Firmado por PEÑA VIDAL RAFAEL
- 44848946G el día 13/11/2018
con un certificado emitido por
AC FNMT Usuarios

Firmado por ROMÁN OTERO
FERREIRO - 33281132V
Fecha: 13/11/2018 12:13:24 CET



